


sua file
ntino de

o morre
s fillos de
llo.

ntino, nº 6



ARTE
LITERATURA

...

:iro.)

io Bri-

no, nº 9

VIQUEIRA ANALIZADO POR UN BETANCEIRO

Nunha extraordinaria colección que EDICIOS DO CASTRO edita baixo o título xeral de DOCUMENTOS PARA A HISTORIA CONTEMPORANEA DE GALICIA, aparece un interesante libro do betanceiro XESUS TORRES REGUEIRO (*) asíduo colaborador deste ANUARIO.

O libro é máis amplo do que o seu título da a entender. Torres estudia a persoa e a personalidade de Xoan Vicente Viqueira non só no seu aspecto de nacionalista galego, senon que abrangue case tódalas facetas deste home tan versátil na actividade cultural.

Nun exemplar de 175 páxinas o autor, cun estilo literario conciso, lacónico, preciso, sen concesións á retórica, compendia practicamente a vida, obra e morte deste filósofo, mestre, xornalista, político, poeta, traductor... que, se non chegou a máis foi porque a enfermidade que sufriu dende neno e a morte que o levou antes de cumprir 38 anos o impediron.

Comenza facendo unha incursión ás orixes de Viqueira: a familia, a infancia entre Vixoi e Betanzos, a estadia no extranxeiro, para logo entrar no cerne das actividades culturais ó voltar á terra.

Vainos contando Torres como Xoan Vicente entra en relación coas Irmandades da Fala; as súas actividades na organización das mesmas, explícanos como é o nacionalismo que profesa, ben distinto do que hoxe priva: «Para Viqueira o nacionalismo non é separatista, senón unha ferramenta de unión da humanidade nunha organización suprema e ideal...», e máis adiante: «Viqueira é partidario dun novo federalismo que conteña un «fondo interés social, ou mellor socialista».


Segue a explicar «A CONCEPCION DA NACION» e dinos que «Viqueira suscribe parte dos postulados orgánico-historicistas dos teóricos nacionalistas alemáns, segundo os cais a nación existe independentemente de que os seus membros teñan conciencia do seu ser nacional, existencia que se mostra en caracteres externos como a lingua, o territorio, os costumes, as tradicións e os rasgos físicos diferenciais». «Mais Viqueira neste senso é ecléctico e recolle tamén as teses dos teóricos franceses Renan e Jellinek, que apelaban á vontade dos individuos e aos factores subxectivos para a existencia da nación».

Noutro capítulo estudia «O PROBLEMA DA LINGUA EN VIQUEIRA»: «Xoán Vicente ancea a creación do galego moderno, o galego do noso século, para facer da lingua vulgar un instrumento de cultura».

A seguido «NA PROCURA DUN ENSINO GALEGO» fai constar que «Viqueira parte da necesidade da educación para o desenvolvemento social e espiritual dos povos, pois «os povos que triunfan son os que teñen una superior educación e insino».

Na cuestión política révelanos que: «Viqueira non era un político no senso estrito. Pola súa formación e pola súa personalidade era un humanista, un pensador e un intelectual metido a tarefas e avatares políticos». E en canto ó seu programa político constata que: «Non é un texto programático propiamente senón un poema político en prosa no que suliña cuestións fundamentais».

Noutra parte do libro danos conta da súa obra, sucintamente relacionada por materias e, a continuación veñen uns interesantes apéndice, onde non é o



menos o relativo á documentación gráfica: fotografías, catro caricaturas de Viqueira feitas por Cebreiro e unha chea de correspondencia, fotocopiada, sostida por Xoan Vicente con importantes persoeros de cultura naquel tempo.

En fin, disque os bos perfumes se serven en frascos pequenos e este libro é unha boa mostra.

(*) XOAN VICENTE VIQUEIRA E O NACIONALISMO GALEGO Por XESUS TORRES REGUEIRO EDICIOS DO CASTRO (MAIO de 1987)

Se non souberamos que XESUS TORRES REGUEIRO exerce a súa profesión de mestre de E.X.B. sen máis vacacións que os seus colegas, chegaríamos a pensar que se adicaba única e exclusivamente a publicista porque, ademais do libro do que fixemos reseña e do que neste mesmo ANUARIO escribe, tivemos a oportunidade de ler outras cousas da súa autoría:

Na 2ª EDICION CORREXIDA E AUMENTADA de A NOSA TERRA, nun número extraordinario do 2 de marzo de 1987 que leva o subtítulo de A NOSA HISTORIA Nº 1, publica un artigo titulado BETANZOS 1936, no que nos fai unha exposición e crítica dos acontecementos do ano devandito.

Na mesma publicación, con data 4 de novembro de 1987, na sección RETRINCOS DA HISTORIA, lemos outro artigo: «R. BEADE: UN LABREGO NAS CORTES ESPAÑOLAS», no que nos resume en poucas liñas, a biografía política de Ramón Beade Méndez.

E, por último, tamén en A NOSA TERRA do 30 de decembro de 1987, na mesma sección de RETRINCOS DA HISTORIA, baixo o título O GAITERO RILO, fai unha lembranza do famoso gaitero de Oza dos Ríos, inmortalizado nun debuxo de Veiga Roel, que reproduce o xornal.

Tódolos traballos de Torres, tanto os agora comentados coma os demais que acostuma a facer, requiren unha previa investigación en fontes que non sempre son doadas de atopar.

Emprazamos a Xesus Torres para que nun próximo artigo non explique cómo se consegue tanto labor literario e investigador en tan pouco tempo.

Preser
de s
e X
común: o
sucesión
pola súa
salvo no
das últim
desencad
que as de

COLAS
AFONSO
DOR BE
LLA IRI

Cand
tres sepu
igreja de
entrada d
de Carva
dun «me
senon qu
documen
diños da
xalo con
pouco, n
barrio, f
Briganti

O sepulc

Dos
ba a ate
da facha
me esfor
que non
erosión.
Som
a vista n
por sort

(*) Alfre

(1) CHA
Diputación
(2) CHA
(3) CHA
veremos, t